

**ACTA NÚMERO 11/2015**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DIA 24.09.2015**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:15 horas, do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup> Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

***Secretario acctl.:***

D. Alfonso García Ferreira

***Non Asiste:***

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño(xustifica a súa ausencia)

**ORDE DO DIA**

- 1- LECTURA E APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-
- 2- DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN. ENTREGA DE COPIAS DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 16.07.2015.-
- 3- APROBACIÓN DA CONTA XERAL.-
- 4- CALENDARIO LABORAL ANO 2016.-
- 5- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES. TIPO DE GRAVAME E BONIFICACIÓNS.-
- 6- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN E OBRAS. REDUCIÓN DO TIPO DE GRAVAME AO 2%. -
- 7- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 6 TAXA POR ACTIVIDADES E SERVICIOS REALCIONADOS COA HIXIENE URBANA. REDUCIÓN DO 10% DAS COTAS TRIBUTARIAS.-
- 8- PROPOSTA DE DEMOLICIÓN DA PONTE VELLA DO FERROCARRIL NA ESTRADA PROVINCIA DP-5902 A ALTURA DO LUGAR DE AS PONTES.-

9- DAR CONTA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O EQUIPAMENTO E INFORME FAVORABLE DE DUPLICIDADE E SUSTENTABILIDADE FINANCIERA DO PAI.-

10- INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-

11- ROGOS E PREGUNTAS.-

### **1.- LECTURA E APROBACION ACTAS SESIONS ANTERIORES.-**

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a acta da sesión plenaria n.º 10/2015 celebrada o día 30 de xullo de 2015, preguntando aos concelleiros asistentes se existe algúnha obxección á mesma.

Toma a palabra o sr. García Vázquez (PSdG-PSOE) para manifestar que no punto n.º 7 da acta - Rogos e Preguntas - existe un erro en canto a ampliación da estrada provincial de Santaia a Cabaleiros, xa que figuran “20 metros de sobre ancho” e deben ser 2; e que “van ser debatidos no Senado” e neste Órgano non se debate nada desto. Solicita igualmente que as actas sexan enviadas coas sinaturas de Alcalde e Secretario.

Sometida a aprobación queda aprobada coas correccións.

### **2.- DACION CONTA DECRETOS DENDE O ULTIMA SESION. ENTREGA DE COPIAS DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL DENDE O 16.07.2015.-**

Pola Presidencia dase lectura dos decretos da Alcaldía que van do número 114/2015 ao 138/2015, facendo a salvedade de que o n.º 134/2015 foi anulado por duplicidade co número 133.

Solicita o sr. García Vázquez (PSdG-PSOE) que se remitan asinados polo Alcalde e Secretario.

### **3.- APROBACION DA CONTA XERAL.-**

Pola Presidencia dase conta dos trámites que se efectuaron para a aproación xeral polo que procede a dar lectura a seguinte proposta:

Vista a conta xeral do exercicio 2014, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela, e do Ditame desta Comisión emitido en data 16/07/2015.

Visto que a mesma foi exposta ao público no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, número 139 de data 24 de xullo de 2015, para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non existen reclamación, reparos ou observacións, PROPOÑO o seguinte:

1. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014.

2. Recibir a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía fano a favor 7 concelleiros (P.P.) e en contra 3 (1 B.N.G. E 2 PsdG-PSOE, estes manifestan descoñecela), polo que queda aprobada a conta xeral por maioría absoluta dos concelleiros asistentes.

#### **4.- CALENDARIO LABORAL ANO 2016.-**

Pola Presidencia infórmase do escrito que remite a Xefatura Territorial da Coruña sobre o calendario laboral para o ano 2016 que literalmente dí:

“Pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social, remítese o calendario laboral para o ano 2016 que literalmente copiado dí:

“En cumprimento das instrucións recibidas da Dirección Xeral de de Traballo e Economía Social, comunícolle que o Consello da xunta de Galicia aprobou o día 15 de xullo o calanderario laboral para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia fixándose como festas laborais as seguintes:

17 de maio ..... Día das Letras Galegas  
24 de xuño ..... Festa de San Xoan  
25 de xullo ..... Día Nacional de Galicia

Así mesmo, deberán terse en conta as festas de ámbito estatal que para o ano 2016 se prevén as seguintes:

1 de xaneiro ..... Ano Novo.  
6 de xaneiro ..... Día de Reis  
24 de marzo ... ..... Xoves Santo  
25 de marzo..... Venres Santo  
15 de agosto ..... Asunción da Virxe  
12 de outubro ... .. Día da Hispanidade  
1 de novembro ..... Todos os Santos  
16 de decembro ..... Día da Constitución  
8 de decembro ..... Inmaculada Concepción

Por todo o exposto esta Alcaldía co obxeto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, propón como días de festa local os seguintes:

9 de febreiro ..... Martes de entroido  
16 de maio ..... San Isidro

Dada a palabra aos concelleiros, a Sra. García Pereiro (BNG), propón que se cambie a festividade de San Isidro pola de San Xoan, por ser máis celebrada no Concello.

Manifesta o Alcalde que o 24 de xuño de 2016 é festivo declarado pola Xunta de Galicia.

O Sr. García Vázquez (PSdG-PSOE), propón o 8 de Setembro (Virxe dos Remedios) e 16 de Agosto (San Roque) e alternar posteriormente estes dous días entre todas as festividades existentes nas parroquias.

Debatido o asunto o Alcalde manifesta estudar as propostas. Sometida a votación a proposta da Alcaldía fano a favor 7 concelleiros (P.P.).

Sometida a votación a proposta do PSdG-PSOE, fano a favor 3 (PSdG e BNG).

Polo que queda aprobada por maioría absoluta dos concelleiros asistentes a proposta formulada pola Alcaldía.

## **5.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES. TIPO DE GRAVAMEN E BONIFICACIONES.-**

Pola Presidencia explícase que a ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles, en canto o tipo de gravame ven determinado no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, existindo na actulidade no Concello de Tordoia o de 0,48% para os inmobles urbanos.

Que este ano o Xerencia Rexional de Catastro de Galicia do Ministerio de Fenda e Administracións Públicas, incluiu ao concello de Tordoia na actualización dos valores catastrales urbanos, valores que estaban dende o ano 1994 sen actualizar e que ademais está dando de alta todas as construcións existentes.

Á vista do exposto esta Alcaldía propón a redución do tipo impositivo dos bens inmobles urbanos ao 0,4% e unha bonificación do 50 % da cuota íntegra dos inmobles nos que se desenvolva unha actividade agraria ou gandeira quedando redactadas as modificacións na ordenanza así:

### **Artigo 13º .-Tipo de gravame.**

Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán los seguintes:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

Tipo de gravame xeral: 0,40 por cento.

b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,90 por cento.

c) Bens inmobles de características especiais: 1,3 por cento.

### **Artigo 14.º .-Bonificacións.**

5.- Gozarán dunha bonificación do 50 por cento da cuota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

6. As solicitudes de bonificacións, previo informe técnico, serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, previo informe técnico.

7. As bonificacións recollidas nos apartados 2 parágrafo 2º e 3º deste artigo serán compatibles, sen que , en ningún caso, poidan exceder do 60% da cota íntegra de forma acumulativa. A bonificación do apartado 1 deste artigo non será compatible con ningunha outra, salvo precepto, legal que dispoña a compatibilidade.

Debatido o punto, sométese a votación a proposta da Alcaldía. Votos a favor 8 (7 P.P. e 1 BNG).

Manifesta o portavoz do Grupo PsdG-PSOE que o sentido do voto do seu grupo manifestarao no punto 7 e que será o mesmo para os tres, e dicir punto 5, punto 6 e punto 7 da orde do día.

Á vista do resultado da votación, queda por tanto aprobada por maioría absoluta dos concelleiros asistentes a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles.

## **6.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCION E OBRAS. REDUCCION DO TIPO DE GRAVAME AO 2%.-**

Pola Presidencia explícase que a ordenanza do imposto sobre construcións, instalacións e obras ven regulada a súa imposición e tipo de gravame nos artigos 101 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estando na actualidade o deste concello no 2,5%, propoñendo esta alcaldía unha redución ao 2,00%,o que quedaría a redacción do artigo 5 da vixente ordenanza do seguinte xeito:

### **Artigo 5.º .-Base imponible.**

A base imponible deste imposto estará constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra. O custo real coincide co presuposto de execución material da obra, quedando excluídos, polo tanto, os gastos xerais, o beneficio industrial e empresarial, os honorarios de redacción do proxecto, o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais. No presuposto de execución material tampouco se inclúen as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coas devanditas construcións, instalacións ou obras.

1.-A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo de construción, instalación ou obra.

2.-A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.-O tipo de gravame aplicable será o **2,00%**.

4.-A obriga de pagar o imposto xurde no momento de iniciar a construción, instalación ou obra, aínda cando non se tivese a correspondente licencia.

5.-A tarifa mínima do imposto será de 60 €.

Debatida e sometida a proposta a votación, facendo a favor 8 concelleiros (P.P. e B.N.G.).

O Sr. García Vázquez, (PSdG-PSOE), volve a manifestar que o seu sentido do voto faráo no punto seguinte da orde do día por ser idéntico para o punto 5, 6 e 7 da orde do día.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía por maioría dos concelleiros asistentes.

#### **7.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL Nº 6 TAXA POR ACTIVIDADES E SERVICIOS RELACIONADOS CO HIXIENE URBANA. REDUCION DO 10% DAS COTAS TRIBUTARIAS.-**

Pola Presidencia infórmase que este concello está en disposición de proceder a unha redución da cota tributaria do 10 % con respecto do ano anterior en todos os conceptos dos epígrafes que regula a taxa da recollida do lixo para o vindeiro ano 2016, por existir ingresos a aplicar ao mantemento do servizo, propoñendo esta Alcaldía a modificación do artigo 7. Cota tributaria que sería do tenor seguinte:

**Artigo 7. Cota tributaria** As cotas anuais a aplicar serán as seguintes:

CONCEPTO	Euros
<b>Epígrafe 1.º.-Vivendas.</b>	
a) Por cada vivenda no núcleo urbano (enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamento que non exceda de dez prazas)	66,15
b) No resto do termo municipal	66,15
c) Vivenda con negocio	83,19
<b>Epígrafe 2.º.-Aloxamentos.</b>	
a) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos de cinco e catro estrelas, por cada praza	409,55
b) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos e hostais de tres e dúas estrelas, por cada praza	409,55
c) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos e hostais dunha estrela, por cada praza	409,55
d) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, colexio e demais centros de natureza análoga, por cada praza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, sempre que excedan de dez prazas)	409,55

<b>Epígrafe 3.º .-Establecementos de restauración.</b>	
a) Supermercados, economatos e cooperativas (de mais de 200 m2)	321,81
b) Supermercados, economatos e cooperativas (de menos ou igual a 200 m2)	133,10
c) Almacéns ó por maior de froitas, verduras e hortalizas	133,10
d) Peixerías, carnicerías e similares	133,10
<b>Epígrafe 4.º .-Establecementos de restauración.</b>	
a) Restaurantes	133,10
b) Cafeterías	133,10
c) Whisquerías e pubs	133,10
d) Bares	133,10
c) Tabernas	133,10
<b>Epígrafe 5.º .-Establecementos de espectáculos públicos.</b>	
a) Cines e teatros	234,03
b) Salas de festas, discotecas, cafés cantantes e similares	234,03
c) Salas de bingo	234,03
<b>Epígrafe 6.º .-Outros locais industriais ou mercantís</b>	
a) Centros oficiais	409,55
b) Oficinas bancarias	409,55
c) Grandes almacéns	409,55
d) Demais locais non expresamente tarifados de 200 m2 ou máis	409,55
e) Demais locais non expresamente tarifados de menos de 200 m2	133,10
<b>Epígrafe 7.º .-Despachos tarifados.</b>	
Por cada despacho (no suposto de que a oficina ou establecemento se atope sito na mesma vivenda, sen separación, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do epígrafe 1.º ) 83,19 €	

Concedido o turno de palabra tómao o portavoz do PSdG-PSOE, sr. García Vázquez para manifestar que se absteñen neste punto e nos dous puntos anteriores da orde do día, xa que reduce o gravame dos tipos pero que realmente sobe a valoración dos inmobles.

O Alcalde responde que os valores ponos o Ministerio de Facenda e non o Concello. O Concello o único que pode facer e baixar os tipos a aplicar.

O sr. García Vázquez insiste que se van a impoñer de organismo superiores a suba por culpa da débeda do Concello.

Debatido o punto sométese a votación, facéndo a favor 7 concelleiros (P.P.), en contra 1 (B.N.G.) Por parecerlle excesivo, aínda que se reduce, e abastencións 2 ( PSdG-PSOE), polo que queda aprobada a proposta da Alcaldía por maioría absoluta dos concelleiros asistentes.

## **8.- PROPOSTA DE DEMOLICION DA PONTE VELLA DO FERROCARRIL NA ESTRADA PROVINCIAL DP-5902 A ALTURA DO LUGAR DE AS PONTES.-**

Pola Presidencia solicítase do Secretario que se informe dos trámites que se levan feito por este Concello con motivo da problemática da ponte vella do ferrocarril que pasa por riba da estrada provincial 5902 á altura do lugar das Pontes.

Toma a palabra o Secretario para indicar que esta demanda xa se comezou por acordo do Pleno en sesión celebrada o día 29 de setembro de 1994 e que lle foi solicitada aos titulares da estrada e terreos da ponte, Excm. Deputación Provincial e Renfe, esta última a través da Dirección General de Gestión de Infraestruras, reiterouse aos citados Organismo a través de escritos asinados por esta Alcaldía con data 24 de abril de 2008, 24 de abril de 2009, 17 de marzo de 2011 e 10 de maio de 2011.

Con data 4 de abril de 2014, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito do Presidente da Asociación de Veciños de Santaia de Gorgullos, xunto coa sinatura dos propios veciños, polo que se pedía o derribo ou ensanchamento do tunel do ferrocarril, por supor un taponamento do tráfico rodado. Deste escrito foi dada conta na Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de abril de 2014, acórdandose darlle traslado da petición dos veciños e solicitar o derrumbe ou ensanchamento ao alto e ao ancho do mesmo.

Con data 12 de xuño de 2014, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, comunícase a esta Alcaldía que *“a entidade estaría en disposición de conceder as autorizacións pertinentes ao Concello ou a calquera outra Administración competente para realizar as obras”*.

Por último na sesión celebrada o pasado día 30 de xullo, polo Pleno deste Concello, no apartado de rogos e preguntas, o concelleiro sr. García Vázquez - PsdG-PSOE - plantexou a solicitude de formular a ampliación da ponte do ferrocarril que atraves a estrada provincial DP5902 á altura do lugar das Pontes.

Toma a palabra o sr. Alcalde e á vista do exposto propón ao Pleno, solicitar da Excm. Deputación Provincial da Coruña, como titular da estrada provincial C.P. 5902, a redacción de proxecto e a execución das obras encamiñadas ao ensanchamento do tunel ou ponte vella do ferrocarril na estrada provincial DP 5902, no lugar de As Pontes - Gorgullos.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, sr. García Vázquez para manifestar: 1º) Que non lle consta que o Concello fixese xestións sobre este asunto e que se debe facer ampliación de 1 metro a cada lado da estrada. A Mancomunidade pediu os terreos para facer unha senda verde e debeuse solicitar ao Ministerio de Fomento que nos deran en propiedade parte da vía para levar a cabo os nosos intereses; 2º) solicitar da Deputación que se fagan as obras ata Cabaleiros e 3º) Que se amplíe o ensanche e mellora de toda a estrada provincial, por estar mal trazada.

Debatido o asunto o Alcalde propón solicitar da Deputación Provincial a redacción dun proxecto que inclúa a mellora de trazado de toda a estrada C.P. 5902 xunto coa súa execución e realizar as xestións correspondentes con Adif.

Sometido a votación é aprobada a proposta última por unanimidade dos concelleiros asistentes.



## **9.- DAR CONTA DO CONVENIO COOPERACION ENTRE A CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O EQUIPAMENTO E INFORME FAVORABLE DE DUPLICIDADE E SUSTENTABILIDADE FINANCIERA DO PAI.-**

Pola Presidencia, solicítase que se dea conta do convenio de cooperación entre a Consellería e Benestar para o equipamento do Punto de Atención á Infancia así como do informe favorable de duplicidade e sustentabilidade financeira do centro. O convenio é do tenor seguinte:

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O EQUIPAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA MUNICIPAL**

En Santiago de Compostela, a 14 de xullo de 2015

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, nomeada por Decreto 81/2009, do 19 de abril, e de conformidade co Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, e de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas Leis 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo.

E doutra:

En representación co Concello de Tordoia, don Antonio Pereiro Liñares, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais decretos de transferencia 2411/1982, de 24 de xullo e 534/1984, de 25 de xaneiro.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, darlles protección e oportunidades sociais e educativas aos menores de idade, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, entre os seus ámbitos de actuación, recolle que a Xunta de Galicia promoverá actuacións conducentes a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral con actividades como a ampliación da rede de centros de atención á infancia.

Por outra banda, a Consellería de Traballo e Benestar asume as competencias en materia de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias, de conformidade co Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo a través deles coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

En efecto, tanto a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia como a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia encargan aos poderes públicos e en concreto a Xunta de Galicia, por si ou en colaboración coas corporacións locais, actuacións preventivas e asistenciais, entre elas garantir a creación de escolas infantís e servizos de atención á infancia como recursos que contribúen ao desenvolvemento integral dos nenos e as nenas, para o que a Xunta de Galicia desenvolverá un plan de dotación de recursos no quw se coordinen as actuacións das diferentes administracións públicas.

De conformidade co establecido nos artigos 19.4.c e 26.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter excepcional, poderán concederse subvencións de forma directa cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitarios; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece o procedemento para a súa concesión no seu artigo 40.

Neste sentido, o carácter singular do instrumento do convenio sen convocatoria pública xustifícase neste caos no ámbito territorial de competencia, encadrado nunha actividade de cooperación entre administracións, o que impide a concorrencia doutras entidades públicas na creación deste equipamento municipal. Así mesmo, a adaptación aos tempos de execución dos proxectos, en canto á elaboración e aprobación de intereses públicos se vexan mellor atendidos mediante a formalización dun convenio interadministrativo sen a preceptiva concorrencia competitiva, senón coa concorrencia de intereses públicos na iniciativa e no orde temporal.

A excepcionalidade da instrumentación da axuda para o equipamento do punto de atención á infancia municipal do concello de Tordoia, a través de convenio de cooperación, baséase na extensión dos proxectos para dotar de prazas públicas en aquelas zonas onde non existan outros equipamentos destas características. Así, no Plan para a dinamización demográfica de Galicia contéplase a ampliación da actual rede de centros de atención á infancia, dentro do obxectivo estratéxico 1. Área de intervención 3. Apoio ás familias.

A sinatura dun convenio considérase prioritario para o desenvolvemento deste proxecto tanto polo ámbito xeográfico no que se sitúa como polo ámbito temporal de xestión dos fondos que se conceden.

TERCEIRO: A extensión e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 constitúe un elemento estratéxico para a sociedade galega no seu conxunto, na medida en que incide dun xeito directo nos dereitos, por unha banda, dos nenos e nenas a un adecuado desenvolvemento e atención socioeducativa, así como á igualdade de oportunidades; e por outra, das familias e

dos pais e nais, a contar cun recurso que favoreza o principio de corresponsabilidade e á conciliación da súa vida persoal, laboral e familiar.

As partes conveñen, que para acadar estes obxectivos resulta imprescindible un modelo cooperativo entre administracións, que permita abordar e dar respostas ao procese dinámico de transformación da sociedade galega que esixe dos poderes públicos unha resposta eficaz na dotación de instalacións e recursos, materiais e humanos, adecuados para promover, consolidar e desenvolver novas medidas para a atención e educación da primeira infancia, e para favorecer a corresponsabilidade e a igualdade de oportunidades.

CUARTO.- O orzamento para o equipamento do punto de atención a infancia municipal é de 20.32,18€.

QUINTO.- Sendo concorrente o interese das dúas Administracións, resulta axeitado colaborar conxuntamente para levar a cabo o equipamento do punto de atención á infancia municipal de Tordoia, polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de cooperación en base ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Tordoia para o financiamento do equipamento do punto de atención á infancia municipal de Tordoia.

### SEGUNDA.-

Para o equipamento do centro a Consellería de Traballo e Benestar contribuirá cunha achega económica por un importe de quince mil euros (15.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.312B.760.0 correspondente ao exercicio orzamentario 2015.

As desviacións ao alza do orzamento inicial correrá a cargo do Concello, quedando a achega da Consellería limitada pola contía establecida.

A subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do tratado de Funcionamento da Unión Europea ao tratarse dunha colaboración entre administracións públicas. Non obstante, o Concello garantirá o cumprimento da normativa relativa ás axudas de Estado no que atinxe ao destino que se lle dea á infraestrutura derivada deste convenio.

### TERCEIRA.-

1.O Concello deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que son, entre outras, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, a entidade colaboradora, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicar á Consellería de Traballo e Benestar, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) O concello deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

2. Así mesmo, o Concello deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase con criterios de eficiencia e conomía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

#### CUARTA.-

O Concello comprométese a poñer a infraestrutura en funcionamento ao longo do curso escolar 2015-2016. Así mesmo, comprométese a garantir a adecuación do punto de atención á infancia ás finalidades e obxectivos establecidos na normativa vixente, en concreto, ao disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ou normativa que os substitúa. E, queda obrigado a manter a finalidade obxecto de convenio e o destino ao fin concreto para o que se concede esta subvención, durante un mínimo de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Correspóndelle ao Concello sufragar os gastos de posta en marcha e funcionamento ao longo da vida útil da infraestrutura.

#### QUINTA.-

Os pagamentos efectúanse ao Concello previa xustificación do investimento e acreditación do pagamento realizado, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa contida nos regulamentos aplicables aos fondos europeos; xuntándose certificación da Secretaría da corporación que transcriba o acordo ou resolución da súa aprobación polo órgano competente; de acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamete pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Esta xustificación deberá realizarse, en todo caso, antes do día 30 de outubro de 2015. Así mesmo, o Concello deberá acreditar mediante certificación o importe, a procedencia e a aplicación dos fondos á actividade subvencionada.

Igualmente, deberá remitir certificación emitida pola secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.

Antes de facerse efectivo o pagamento, de conformidade co establecido no artigo 11.f do Decreto 11/2009, o Concello deberá achegar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e do non ter pendente de pago débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Posteriormente, poderanse realizar pagamentos parciais a medida que o Concello xustifique os investimentos efectuados. Estes pagamentos parciais non poderán superar o 80 por cento do total da subvención concedida.

Antes do derradeiro pagamento será requisito imprescindible a comprobación material do investimento realizado do que quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade, segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 11 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Igualmente, deberá aportar unha certificación de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio de conformidade co establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especificidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A corporación local deberá emitir no prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que se rexistrou na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

#### SEXTA.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o cumprimento da finalidade nel establecida, que en ningún caso será posterior ao 30 de outubro de ano 2015, no obstante entenderanse incluídas nel as accións obxecto do convenio que se realicen dende o primeiro de xaneiro de 2015.

#### SÉTIMA.-

En cumprimento do disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de trnsparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data de sinatura, finalidade e período de vixencia.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios, en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Polo que con anterioridade á sinatura do convenio o Concello de Tordoia autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar para o tratamento necesario dos datos e a refererida publicidade.

#### OITAVA.-

O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Dirección Xeral de Familia e Inclusión á que deberá ser remitida toda a documentación relativa a el.

Para a proposta de solucións na interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

Por parte da Consellería de Traballo e Benestar:

- A directora xeral de Familia e Inclusión, que poderá delegar nunha/nun funcionaria/o da Consellería de Traballo e Benestar adscrito a dita Dirección Xeral.
- Unha/un funcionaria/o da Consellería de Traballo e Benestar nomeada/o pola directora xeral de Familia e Inclusión.

Por parte do Concello asinante:

- O alcalde-presidente do Concello ou persoa en quen delegue.
- Unha/un funcionaria/o do Concello nomeada/o polo alcalde-presidente.

A Consellería de Traballo e Benestar ostenta as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, así como da esixencia de reintegro no caso de incumprimento, e as súas resolucións esgotan a vía administrativa, contra elas podrá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

#### NOVENA.-

Son cousas de resolución do presente convenio as establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades

subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, ser realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 107 a 109 do tratado de Funcionamento da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

l) Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no presente convenio, ou nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

#### DÉCIMA.-

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes público ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

A suma de tódalas achegas e axudas a fondo perdido que puidera obter o Concello asinante para o mesmo concepto e finalidade, establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a axuda outorgada pola Consellería de Traballo e Benestar veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.-

#### DÉCIMO PRIMEIRA.-

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Así mesmo, en conto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na normativa polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar na lugar e data expresados.

A CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR

Beatriz Mato Otero

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE TORDOIA

Antonio Pereiro Liñares

Polo Secretario dase conta das cláusulas do convenio, entre outras o da finalidade e importe da achega económica, por 15.000 euros, e sobre todo da cláusula sexta na que se recolle a entrada en vigor e vixencia do mesmo e o carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2015 das accións obxecto do convenio.

O Pleno dase por informado.

Dentro deste punto da orde do día figura informe remitido pola Subdirectora Xeral de Familia e Menores da Xunta de Galicia e da Dirección Xeral de Administración Local que é do tenor seguinte:

### **INFORME DUPLICIDADE E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA EN MATERIA DE COMPETENCIAS.**

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

SOLICITANTE: CONCELLO DE TORDOIA

ANTECEDENTES:

- En data 13 de xullo de 2015 polo Concello de Tordoia solicitouse informe de duplicidade e de sustentabilidade financeira para a posta en funcionamento dun Punto de Atención á Infancia municipal de conformidade co disposto na Lei de Bases de Réxime Local e na Lei de Medidas Urxentes (Lei 5/2014 de 27 de maio).
- En data 24 de agosto de 2015 recíbese na Dirección Xeral de Administración Local Familia e Inclusión, informe de duplicidade á solicitude da DXAL.
- En data 19 de agosto de 2015 recíbese na Dirección Xeral de Administración Local informe emitido por parte da Consellería de Facenda, informe de sustentabilidade financeira á solicitude da DXAL.

LEXISLACION APLICABLE:

- Lei de Bases de Réxime Local
- Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, Lei 27/2013 de 27 de decembro
- Lei de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, Lei 5/2014 de 27 de maio.

LEXITIMACIÓN:

De conformidade co art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio (LMU) cando a Administración competente por razón de materia sexa a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o informe sobre a inexistencia de duplicidade será emitido pola Consellería competente en materia de administración local logo da consulta á consellería competente por razón da materia.



Consultada a Consellería de Traballo e Benestar que resulta ser a competente por razón da materia, en data 17 de agosto de 2015 emite informe de inexistencia de duplicidade con relación ás súas competencias considerando necesaria e oportuna a creación dun servizo de atención á infancia no Concello de Tordoia xa que actualmente o concello conta con poboación infantil suficiente para a cobertura das prazas dispoñibles. Polo que en consonancia co mesmo, esta Dirección Xeral de Administración Local, INFORMA FAVORABLEMENTE a posta en funcionamento polo Concello de Tordoia dun Punto de Atención á infancia, dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autónoma.

Santiago de Compostela, a 25 de agosto de 2015

A xefa do servizo de xestión e réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional

Asdo.: Angela María Viqueira Allo.

Explícase polo Secretario que o 13 de xullo de 2015 solicitouse polo Concello de Tordoia informe de duplicidade e de susantabilidade financeira para a posta en funcionamento do Punto de Atención á Infancia, de conformidade co disposto na Lei de Bases de Réxime Local e a Lei 5//2014, do 27 de maio de Medidas Urxentes, sendo informado favorablemente con rexistro de entrada nº 1040 do 26 de agosto por parte da Dirección Xeral de Administración Local.

O Pleno dáse por informado.

## **10.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-**

Pola Presidencia infórmase de que a Federación Española de Municipios e Provincias a través da circular 56/2015 comunícase que se asinou un convenio de colaboración entre o Consejo Superior de Deportes e a Real Federación Española de Fútbol para financiar actuacións relativas a construción, mellora, conservación, ampliación ou remodelación de instalacións de fútbol non profesional, con cargo a unha dotación procedentes das apostas deportivas de fútbol. Este Concello elaborou un proxecto denominado Execución de bancada no Campo de fútbol de Gorgullos, por importe de 56.243,35.-€, solicitando no mes de Setembro a súa participación na mencionada convocatoria.

Pola Presidencia solicítase do Secretario que se informe do estado actual da tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello.

Toma a palabra o funcionario para informar que dando trámite ao acordo de Pleno celebrado o 10 de xullo de 2015 polo que se aprobou provisionalmente o P.X.O.M. Foi remitido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva, pero que a través de escrito da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, requérenos que debemos aportar, entre outra documentación, informes sectoriais que foron incluídos na Lei 12/2014, de medidas fiscais e administrativas, así como remitir novamente copia do Plan á Dirección General de Aviación Civil e a Dirección General de Infraestruturas Ferroviarias, que informen novamente as alegacións que estes organismos presentaron.

Prodúcense comentarios sobre o mesmo. Insiste o sr. García Vázquez (PSdG-PSOE) que vai moi lenta a súa tramitación.

O Alcalde manifestando que o concello aprobouno provisionalmente pero que é a Xunta de Galicia quen o aproba definitivamente e contemplou unhas deficiencias que se están a subsanar.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

A Presidencia pregunta aos concelleiros asistentes se alguén desexa formular algún rogo ou pregunta.

Toma a palabra o sr. García Vázquez, portavoz do grupo PSdG-PSOE, manifestando que que vai pasar por escrito unhas preguntas pero que vai facer constancia delas formulándoas agora verbalmente, e que literalmente din:

“1.- Escrito directora do colexio, manifestando deficiencias no centro, de que se trata?, solicitamos copia de dito documento.

2.- Denuncias de Vecinos de Castenda, Tarroeira e Vilar, cal e a resolución, que fixeron para arranxar dito problema, Solicitamos copia de denuncias e infome da policía local.

3.-Abonos RCD. Coruña, son imprescindibles ese abonos?, cantos son?, quen disfruta de eles?, copia das persoa que foron o fútbol con eses abonos.

4.- Oferta de compra de vehículo para incendios. Esta ben o prezo, que función fai Amádeo Cancela nesa Patrulla, está de bombeiro?.

5.- Escritos presentados polas comisións de Festas do concello, quen avisou a esas comisións, porque non están Bardaos e Santaia.

6.- Requisitos de documentación a todas as comisións de festas, trato desigual a Bardaos nos se lle pide o que pon no decreto. Acceso e copia de toda a documentación das comisións de festas, pedimos trato igual a todos, o baremo puxo vostede na de Bardaos.

7.- Pedimos tanto nos partidos de fútbol como nas diferentes festas no concello a disposición dunha ambulancia xunto cun equipo de persoal capacitado, instalación do equipo desfibrilador e unha persoa que sexa capaz de manexalo.

8.- Solicitamos o Arranxo de estrada de Portociños a Río Davila, está en pésimo estado.

9.-Solicitamos o Arranxo dos Camiños de concentración parcelaria de Santaia pendentes de execución dende fai 4 anos.

10.-Solicitamos o arranxo Urxente de dous camiños en Castenda.

- O de Malvares, o que vai as antenas de Movistar, xa foi incluído no plan que se está executando

- O Eterno Camiño de Pau de Redes de Vilar de Castenda. Xa solicitado nos últimos anos.

- 11.- Exixir a limpeza nos camiños recen feitos, caso de Bardaos, finca do perito do Petón, non se respetou o ancho de limpeza nese tramo.
- 12.- Copia do PXOM aprobado recentemente.
- 13.- Enmendas que fixo o concello no PGE (presupostos do estado).
- 14.- días festivos locais. Alternar con parroquias
  - propoñemos 8 sep virxen dos remedios (Bardaos)
  - 16 agosto San Roque (Castenda e Bardaos)
- 15.- Mes de Vacación do alcalde e delegación en Inés Santos. Solicitamos ver documento de posible Incompatibilidade firmado e entregado antes de tomar posesión.
- 16.- Artes Gráficas ESYMAR, Incompatibilidade por aparecer nas lista no PP de Tordoia. Solicitamos de cese dese provedor o tempo que informamos que en Tordoia hai máis imprentas que poden facer ese traballo. Caso de IMPROSET
- 17.- Solicitar nulidade de acordos de Ines Santos por incompatibilidade no cargo.
- 18.- Nulidade no Acordo de Urgencia da contratación do persoal do PAI, por certo a dedo, e que casualidade que no mes de Marzo deixo firmado nun sobre cerrado na parrillada de Castenda quen ia ser a persoa contratada, e lamentable a súa forma de actuar.
- 19.- Solicitar na Xunta é revertir o PAI unha Gardería Infantil. Para así poder darlle a comida os nenos o tempo que o horario pode ser mais extensible.
- 20.- Convocatoria de Xuntas de Goberno Extraordinarias, sobrecuste innecesario. Estando vostede xubilado e poñéndose unha asignación por asistencia a pleno de 400€ parécelle correcto que nun mes convoque 3 comisións de goberno e unha delas extraordinaria?. Sen comentarios....”

O Alcalde manifesta que en canto á pregunta número 6, sobre as comisión de festas, os expedientes son iguais para todos e que pode ir velos agora mesmo onde está as oficinas da Policía Local.

Toma a palabra a sra. García Pereiro (B.N.G.), para formular o seguinte Rogos:

1) Que no núcleo urbano de Pontepedra se proceda a limpeza da estrada. O Alcalde responde que xa ten mandado pero que en canto as propiedades privadas correspóndelle aso propietarios e nas zonas de dominio público ao Concello.

2) En canto a estrada de Pontepedra a Santiago, solicita que non se estreite, concretamente estánse facendo novas beirarrúas no concello de Trazo e estase prexudicando o tránsito de vehículos, polo que roga que se faga algúnha xestión ben co concello limítrofe ou organismo provincial.

3) Que se eliminen as facturas de comidas. Contesta o Alcaldía que hai persoas que fan traballos para o concello fóra da xornada laboral e se lle paga a comida. Responde a concelleira que existen outro de tipo de retribucións para estes casos, como serían por exemplo as horas extras.

4) Que esta de acordo coa pregunta que formula o PSdG-PSOE, referente a empresa ESYMAR, e que hai máis papelerías e librerías, incluso no termo municipal.

5) Que se está facendo unha casa en Liste - Numide que ao parecer non cumpre ca normativa, solicitando se verifique.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:50 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario acctal.,